

Santiago-Boiro, 5 de maio de 2010

<b>ASUNTO</b>	<b>Presentación do Indicador de Confianza Empresarial da Comarca do Barbanza do 1º trimestre de 2010</b>
<b>ORGANIZA</b>	<b>Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela. Antena Local de Boiro</b>
<b>VOCEIROS</b>	<b>Jesús Asorey</b> <i>presidente da Cámara de Comercio de Santiago</i> <b>Xosé Deira</b> <i>alcalde do Concello de Boiro</i> <b>Dores Torrado</b> <i>concelleira de Economía de Boiro</i> <b>Filomena Casal</b> <i>secretaria xeral da Cámara de Comercio de Santiago</i> <b>Fernando Barros</b> <i>secretario xeral adxunto da Cámara de Comercio de Santiago</i>
<b>LUGAR</b>	<b>Concello de Boiro</b> <b>Praza de Galicia, s/n –Boiro–</b>
<b>DATA</b>	<b>Mañá xoves, 6 de maio</b>
<b>HORA</b>	<b>12:00 horas</b>

---

## **A Cámara de Comercio presenta o Indicador de Confianza Empresarial do Barbanza cos resultados do primeiro trimestre e as perspectivas para o segundo de 2010**

A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela presenta mañá xoves-6 de maio, ás 12:00 horas no Concello de Boiro, os resultados xerais do Indicador de Confianza Empresarial da Comarca do Barbanza para o primeiro trimestre do ano. No acto estarán presentes o presidente da Cámara compostelá, **Jesús Asorey**; o alcalde de Boiro, **Xosé Deira**; a concelleira de Economía, **Dores Torrado**; a secretaria xeral da Cámara, **Filomena Casal**; e o secretario xeral adxunto da entidade cameral, **Fernando Barros**.

O informe recolle as evolucións do primeiro trimestre de 2010 e as perspectivas para o segundo trimestre do ano. Aglutina as opinións do sector industrial, comercio, hostalería e sector servizos. Con esta combinación de datos, o informe ofrece un diagnóstico e tendencia sobre a evolución económico-empresarial. Os responsables camerais explican que o Indicador de Confianza Empresarial (ICE) constrúese a partir de enquisas a máis de 450 empresas dos concellos de Boiro, Rianxo, Pobra do Carmiñal, Ribeira e Porto do Son.

Na recollida de datos participan os axentes sociais da zona barbanzá e técnicos do **Observatorio Económico da Antena Local de Boiro (que se reunirán mañá ás 11:00 horas, para trazar as liñas de traballo para os próximos meses)**, dependente da Cámara de Comercio de Santiago.